



Rosalía de Castro, 2  
15200 NOIA (A Coruña)

Tel. 981 842 100  
Fax 981 821 741

## RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 2364 /2011

**Primeiro.** Por Resolución deste Alcalde número 1300/2011, do 13 de maio, incóase expediente administrativo de contratación da obra descrita no proxecto técnico denominado “Campo de fútbol de herba artificial” elaborado polos servizos técnicos municipais, por procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo), e tramitación ordinaria, incluída no Convenio de Colaboración asinado entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Noia o nove de marzo de 2011, cun orzamento de execución por contrata de 348.706,99 €, que resultou aprobado por Resolución deste Alcalde número 1301/2011, do 13 de maio.

**Segundo.** Con data 16 de maio de 2011, por resolución do alcalde número 1302/2011, acórdase aprobar o expediente de contratación tramitado, por procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo), e tramitación urgente, do contrato de execución da obra “Campo de fútbol de herba artificial”, incluída no Convenio de Colaboración asinado entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Noia o nove de marzo de 2011, expediente número 12/11-OB-PA, así como autorizar o gasto por un importe total de:

- Prezo base de licitación sen IVE: Douscentos noventa e cinco mil cincocentos catorce euros con corenta céntimos (295.514,40 €).
- IVE do 18%: Cincuenta e tres mil cento noventa e dous euros con cincuenta e nove céntimos (53.192,59 €).

Total (a+b): Trescentos corenta e oito mil setecentos seis euros con noventa e nove céntimos (348.706,99 €).

**Terceiro.** Durante o prazo de presentación de ofertas presentáronse un total de vinte e cinco, polas seguintes empresas, segundo consta no certificado de secretaría emitido con data 7 de xuño de 2011: AGRA CASTRO SL EXCAVACIONES, CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSÉ ANTONIO, S.L.U., REALTURF SYSTEMS, S.L., LIMONTA SPORT IBÉRICA, S.L., CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L, EULEN S.A., PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN, S.L., MACEIRAS Y ESMORIS, S.L., OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L., JARDINERÍA ARCE, S.L., TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS, S.L., EL CORTE INGLÉS, S.A., POLIGRAS IBÉRICA, S.A., OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A., CONSTRUCCIONES NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A., INDEPO., RIO SIEIRA, S.L., GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L, ALVAC, S.A., SYR - AMG, S.L., JARDINCELAS., CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L., CONSTRUCCIONES Y OBRAS ANDUJAR, S.L., CONSLAR - INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN., CALFENSA MEDIOAMBIENTE., presentadas en prazo e cumprindo cos requisitos establecidos na cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas que rexen a presente licitación.

**Cuarto.** A Mesa de Contratación, segundo segundo consta nas actas das sesións celebradas por mor do acto de apertura dos sobres A nas sesións de datas 22, 27, 29 de xuño de 2011 e 22 de xullo de 2011, publicadas no perfil do contratante, acorda excluír a 15 empresas das 26 presentadas, e admitir ás 11 empresas restantes.

**Quinto.-** A Mesa de Contratación, segundo consta nas actas das sesións celebradas o día 22 e 29 de agosto de 2011, procede á apertura das proposicións económicas (sobre C), e á vista das ofertas presentadas, acorda clasificar por orde decrecente as proposicións económicas presentadas por cada un dos licitadores admitidos, así como requerir á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU, para que no prazo de cinco días xustifique a devandita oferta segundo o disposto no apartado 15.3.1, en relación ó disposto no artigo 136 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, ó presumir que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de incurrir en baixa desproporcionada ou anormal.

**Sexto.-** En data 29 de agosto, por resolución da Alcaldía núm 2.161/2011, acordase:



Primeiro.- Declarar admitidos ós seguintes licitadores:

- 1.-AGRA CASTRO SL.
- 2.-ALVAC.
- 3.-CALFENSA MEDIOAMBIENTE.
- 4.-CONSLAR INGENIERIA Y CONSTRUCCION.
- 5.-CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU.
- 6.-EULEN SA.
- 7.-JARDINERÍA ARCE SL.
- 8.-INDEPO.
- 9.-OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL.
- 10.-PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN SL.
- 11.-TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL.

Segundo.- Declarar excluídos ós seguintes licitadores polos motivos que a continuación se relacionan:

- 1.- LICITADOR: CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.
- 2.- LICITADOR: REALTURF SYSTEMS, S.L.
- 3.- LICITADOR: EL CORTE INGLÉS, S.A.
- 4.- LICITADOR: CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L.
- 5.- LICITADOR: POLIGRAS IBÉRICA, S.A.
- 6.- LICITADOR: RIO SIEIRA, S.L.
- 7.- LICITADOR: CONSTRUCCIONES Y OBRAS ANDUJAR, S.L.
- 8.- LICITADOR: GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
- 9.- LICITADOR: SYR - AMG, S.L.
- 10.- LICITADOR: CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L.
- 11.- LICITADOR: OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A.
- 12.-LICITADOR: MACEIRAS Y ESMORIS, S.L.
- 13.-LICITADOR: LIMONTA SPORT IBÉRICA, S.L.
- 14.- LICITADOR: JARDINCELAS.
- 15.-LICITADOR: NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.

Terceiro.- Clasificar por orde decrecente as proposicións económicas presentadas por cada un dos licitadores admitidos:

EMPRESAS ADMITIDAS	PROPOSICIÓN ECONÓMICA (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU.	260.763,09 €
JARDINERÍA ARCE SL.	262.576,36 €
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL.	270.420,00 €
CALFENSA MEDIOAMBIENTE.	272.785,24 €
INDEPO.	277.082,57 €
ALVAC	283.200,00 €
EULEN SA.	289.130,53 €
PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN SL	294.622,54 €
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	306.269,35 €
AGRA CASTRO SL	312.000,00 €
CONSLAR INGENIERIA Y CONSTRUCCION.	331.271,64 €

Cuarto.- Requerir á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU, para que no prazo de cinco



Rosalía de Castro, 2  
15200 NOIA (A Coruña)

Tel. 981 842 100  
Fax 981 821 741

días xustifique a oferta económica presentada, segundo o disposto no apartado 15.3.1, en relación ó disposto no artigo 136 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, ó presumir a Mesa de Contratación que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de incurrir en baixa desproporcionada ou anormal.

**Quinto.-** Tralo requirimento efectuado, reúnese a Mesa de Contratación, co fin de proceder á valoración da documentación achegada pola empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU e a vista do informe do Sr. Fernández Sarasquete, a Mesa de Contratación, considera suficientemente xustificada a oferta económica, quedando de manifesto que non incorre en baixa anormal ou desproporcionada, ós efectos de garantir o cumprimento da proposición económica proposta, de resultar ser a empresa finalmente adxudicataria . E propón o órgano de contratación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Ratificar a resolución número 2161/2011 na que se clasificaba por orde decrecente as proposicións económicas presentadas por cada un dos licitadores admitidos:

EMPRESAS ADMITIDAS	PROPOSICIÓN ECONÓMICA (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU.	260.763,09 €
JARDINERÍA ARCE SL.	262.576,36 €
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL.	270.420,00 €
CALFENSA MEDIOAMBIENTE.	272.785,24 €
INDEPO.	277.082,57 €
ALVAC	283.200,00 €
EULEN SA.	289.130,53 €
PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN SL	294.622,54 €
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	306.269,35 €
AGRA CASTRO SL	312.000,00 €
CONSLAR INGENIERIA Y CONSTRUCCION.	331.271,64 €

**Segundo.-** Requerir a CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU que presente no prazo de cinco días contados desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, a documentación xustificativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, de acordo co artigo 53.2 da Lei de contratos do sector público, e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

#### Fundamentación xurídica.

**Primeiro.-** Consonte ó sinalado no apartado primeiro do adriego 135 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector público “O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo seguinte. Para realizar a devandita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para iso cantos informes técnicos estime pertinentes. Cando o único criterio a considerar sexa o prezo, entenderase que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.”

**Segundo.-** Considerando que o artigo 135.2 da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, que sinala “O órgano de contratación requirirá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que tivese recibido o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma



RECIBIM Duplicado

de de



RECIBIM Duplicado

de de



RECIBIM Duplicado

de de

Instr.

Tsr.

Rendón

directa a acreditación diso, de dispoñer efectivamente dos medios que se tivese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cousa nos pregos.

Terceiro.- Consonte o sinalado no artigo 96 da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, o terse tramitado este procedemento de adjudicación por urxencia os prazos para a licitación, adjudicación e formalización redúcense a metade, polo que o débese atender o requirimento mentado no prazo de cinco días hábiles.

Cuarto.- Vista a competencia que me outorga a disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público.

**RESOLVO:**

Primeiro.- Ratificar a resolución número 2161/2011 na que se clasificaba por orde decrecente as proposicións económicas presentadas por cada un dos licitadores admitidos:

EMPRESAS ADMITIDAS	PROPOSICIÓN ECONÓMICA (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU.	260.763,09 €
JARDINERÍA ARCE SL.	262.576,36 €
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL.	270.420,00 €
CALFENSA MEDIOAMBIENTE.	272.785,24 €
INDEPO.	277.082,57 €
ALVAC	283.200,00 €
EULEN SA.	289.130,53 €
PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN SL	294.622,54 €
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	306.269,35 €
AGRA CASTRO SL	312.000,00 €
CONSLAR INGENIERIA Y CONSTRUCCION.	331.271,64 €

Segundo.- Requerir a CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU que presente no prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, a documentación xustificativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometése a dedicar ou adscribir á execución do contrato, de acordo co artigo 53.2 da Lei de contratos do sector público, e de ter constituída a garantía definitiva por importe de 11.049,283 euros.

Terceiro.- Notificar este acordo a tódolos interesados e publicar no perfil do contratante do Concello de Noia este acordo e a acta da sesión da mesa de Contratación de data 26 de setembro de 2011.

Noia, 26 de setembro de 2011.

O alcalde.

Asdo/Rafael García Guerrero.



Ante min,  
A secretaria .

Asdo/Raquel B. Bahillo Varela.